

OS NOMES ESENCIAIS

Alba de mulleres nace, como nos explica a súa autora, Carmen Blanco, no Limiar que acompaña ó libro, como unha homenaxe a todas as mulleres anónimas “*que foron imprescindibles para que a vida de cada día puidese ser vivida máis dignamente*”. Así, vaise establecendo a lista destas femias que, ó longo dos tempos, sufriron toda caste de imposicións e levantaron a cabeza con ganas para saír á luz pública. Son estas as mulleres que debuxa Sara Lamas nas fermosas ilustracións que acompañan o texto, “*corpos sempre en movemento. En pé, de fronte, erguida a cabeza e os ollos, a paso rápido ou de paseo. Con mirar baixiño. Con voz doce. Cos brazos abertos. De horizontes abertos*”.

Tempos Novos, 74, xullo 2003, p. 82